



RESOLUCIÓN DO 14 DE XUÑO DE 2023 DA XEFA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ DA CONFRARÍA DE LOURIZÁN

PASOS:

1. Recoller o modelo oficial de solicitude na delegación da Consellería do Mar en Pontevedra ou descargar o **modelo PE401B** na páxina web seguinte:
<https://mar.xunta.gal/sites/default/files/anuncios/2023-06/ANEXO-B-Solicitud-procedemento-PE401B.pdf>
2. Cubrir o modelo na primeira folla (DATOS DA PERSOA SOLICITANTE)
 - a) Facer constar no apartado DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO a **Confraría de Lourizán**, marcando ademais Outorgamento do permiso de explotación para marisqueo a pé e Marisqueo xeral.
 - b) Marcar na segunda folla (continuación) toda a documentación que se aporte.
 - c) Revisar na terceira folla que se autoriza a Consellería as consultas de datos persoais.
 - d) Asinar e datar a solicitude.
3. Pedir un modelo de taxas de autoliquidación da Xunta de Galicia na Consellería do Mar no 1º piso do Edificio Administrativo de Campolongo, cubrila (*ver modelo no reverso desta folla*) e pagala no banco.
4. Presentar a solicitude e a taxa no Rexistro Oficial da Xunta antes do día 06/07/2023 (derradeiro día de prazo). Facédelle unha fotocopia e quedade con ela como proba de presentación en prazo.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

1. Informe de vida laboral, informe dos períodos de inscrición como demandante de emprego e certificado do empadramento.
2. Copia compulsada de títulos oficiais e de diplomas de cursos recollidos no baremo (pódese consultar o baremo de cursos no taboleiro de anuncios da confraría).
3. Só naqueles casos nos que se solicite praza por circunstancias socioeconómicas de especial necesidade, informe dos Servizos Sociais do concello no que se indique que se atopan en risco de exclusión social.



Axencia Tributaria
de Galicia



TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Lei 6/2003, do 9 de decembro
Decreto 61/2005, do 7 de abril

AUTOLIQUIDACIÓN

Modelo

AI

EUROS

AI1248569 0

CÓDIGOS

Consellería de MAR

Código:

1 2

Delegación de VIGO

Código:

4 1

Servizo de RECURSOS MARIÑOS

Código:

0 6

Taxa: denominación:

acceso ao permiso de explotación: modalidade de marisqueo a pé

Código:

3 0 1 7 0 1

SUXEITO PASIVO

NIF

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL

VÍA PÚBLICA

NÚMERO

ESCAL.

ANDAR

PORTA

TELÉFONO

CONCELLO

PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

LIQUIDACIÓN

BASE DE CÁLCULO OU BASE
IMPOÑIBLE OU UNIDADES

TIPO OU TARIFA

IMPORTE A INGRESAR

1

10,06

10,06

TOTAL

10,06

Selo

Data

Número

IMPORTANTE

O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades
financeiras colaboradoras na recadación

EXEMPLAR PARA A ENTIDADE BANCARIA